

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

14483 *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 994/2000, do 2 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización. («BOE» 181, do 29-7-2000.)*

Advertidas erratas no texto do Real decreto 994/2000, do 2 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número oito, en lingua galega, do 22 de xullo, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 571, primeira columna, produtos da pesca, despois do segundo parágrafo e antes do cadro, debe figurar:

«Neste epígrafe, a categoría de produto alimenticios "Crustáceos cocidos", modifícase como segue»:

Na páxina 572, segunda columna, outros aditivos permitidos, onde di: «a) Fosfato monomagnésico. b) Fosfato dimagnésico», debe dicir: «i) Fosfato monomagnésico. ii) Fosfato dimagnésico». E, onde di: «a) Goma Konjac. b) Glicomananos de Konjac», debe dicir: «i) Goma Konjac. ii) Glicomananos de Konjac».

Na páxina 573, primeira columna, outros aditivos permitidos, liña sétima, onde di: «Bebidas non alcohólicas: branqueadores de bebidas; bebidas lácteas de chocolate e malta.», debe dicir: «Bebidas non alcohólicas:

- 3 Branqueadores de bebidas
- 4.1 Bebidas lácteas de chocolate e malta.».

Na páxina 573, primeira columna, outros aditivos permitidos, liña cuaxadaxésima, onde di: «Confeitería: Confeitería a base de azucre», debe dicir: «1. Confeitería

- 1.1 Confeitería a base de azucre».

Na páxina 577, segunda columna, soportes e disolventes soportes permitidos, liña novena do cadro, onde di:

«Polietilenglicol 6000	Edulcorantes.»
------------------------	----------------

Debe dicir:

«Polietilenglicol 6000	Edulcorantes.»
------------------------	----------------

Na páxina 578, segunda columna, segunda parte, liña décimo terceira do cadro, onde di:

«Lecitinas	1 g/l»
------------	--------

Debe dicir:

«Lecitinas	1 g/l»
------------	--------

Na páxina 579, primeira columna, terceira parte, liña décima, onde di: «Alimentos para nenos de curta idade distintos dos elaborados a base de cereais.», debe dicir: «1.2. Alimentos para nenos de curta idade distintos dos elaborados a base de cereais.».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14590 *REAL DECRETO 1444/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais aprobada por Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro. («BOE» 183, do 1-8-2000.)*

A directiva do Consello 89/398/CEE, do 3 de maio, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial, foi incorporado ó noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro, que pola súa vez modificou determinados artigos do Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, polo que se aprobou a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais.

Alguns dos grupos ou categorías de produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial, enumerados no anexo da dita directiva marco e incorporados de igual forma á lexislación nacional mediante o Real decreto 1809/1991, xa mencionado, foron obxecto de disposicións específicas que desenvolveron e completaron, de forma particularizada, as esixencias que, en canto composición e comercialización, deben satisfacer aqueles.

A Directiva 99/41/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, pola que se modifica a citada Directiva 89/398/CEE, recolle outros grupos como o dos alimentos pobres en sodio, incluídas as sales dietéticas hiposódicas ou sen sodio, e o dos alimentos sen glute, considerando que poden comercializarse adecuadamente e seren obxecto dun control oficial eficaz mediante as súas disposicións de carácter xeral e procedendo á supresión destas categorías do citado anexo, o que estaría en concordancia cos esforzos realizados para evitar unha lexislación innecesariamente detallada. Con posterioridade, regulamentariamente determinaránse as modalidades de utilización dos termos de «redución ou ausencia do contido de sodio ou sal» e «ausencia de glute».

Igualmente, refírese a mencionada Directiva ó grupo de alimentos destinados ás persoas afectadas de perturbacións no metabolismo dos glúcidos (diabéticos) e considera que, dado que non está claro que exista unha base adecuada para a adopción de disposicións específicas, debería contarse co asesoramento do Comité Científico da Alimentación Humana, entre outros, antes de tomar unha decisión definitiva ó respecto.

O presente Real decreto incorpora ó noso ordenamento xurídico interno a Directiva 99/41/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xuño de 1999, pola que se modifica a citada Directiva 89/398/CEE.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados e emitiron o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2000,

DISPÓN O:

Artigo único. *Substitución do anexo da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais, aprobada polo Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro.*

Substitúe o anexo da Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de alimentos para réximes dietéticos e/ou especiais, aprobada polo Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, e modificada polo Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro, polo anexo que figura na presente disposición.

«ANEXO

Grupos de produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial para os que se establecerán disposicións específicas mediante regulamentacións técnico-sanitarias específicas:

- a) Preparados para lactantes e preparados de continuación.
- b) Alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade.
- c) Alimentos destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso.
- d) Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.
- e) Alimentos adaptados a un intenso desgaste muscular, sobre todo para os deportistas.
- f) Alimentos destinados ás persoas afectadas de perturbacións no metabolismo dos glúcidos (diabéticos).»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto no presente real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución e en virtude do disposto no artigo 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Palma de Mallorca o 31 de xullo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

14591 *REAL DECRETO 1445/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade. («BOE» 183, do 1-8-2000.)*

O Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, aprobou a regulamentación técnico-sanitaria específica dos ali-

mentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, que foi actualizada mediante a orde do 14 de xullo de 1999, incorporando ó noso ordenamento xurídico as directivas 96/5/CE, do 16 de febreiro, e 98/36/CE, do 2 de xuño, respectivamente.

Estes produtos non deben conter ningunha substancia en cantidade suficiente para poñer en perigo a saúde dos lactantes e nenos de curta idade, debendo determinarse canto antes os niveis máximos necesarios referentes a esas substancias.

Por iso, nos casos en que as probas científicas pertinentes sexan insuficientes, o principio de precaución permite adoptar provisionalmente medidas, atendendo á información dispoñible, á espera dunha avaliación suplementaria do risco e unha revisión da medida, transcorrido un período de tempo razoable.

Así mesmo, tendo en conta que segundo os dictames do Comité Científico da Alimentación Humana no momento presente é dubidoso que os actuais valores da dose diaria admisible (DDA) sexan adecuados para a protección da saúde deste grupo de poboación e que as dúbidas expresadas se refiren, non só ós praguicidas e ós seus residuos, senón tamén ás substancias químicas perigosas, se está estudando a posibilidade de establecer, en breve, uns niveis máximos para os metais pesados nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade.

En consecuencia, para estes produtos, dado o colectivo ó que van destinados, procede establecer un límite común moi baixo para tódolos praguicidas, que equivale na práctica ó nivel detectable mínimo.

Con posterioridade, introduciranse os anexos relativos ós «niveis máximos específicos de praguicidas nos alimentos elaborados a base de cereais e nos alimentos infantís» e ós «praguicidas que non se utilizarán nos produtos agrícolas que van ser utilizados como materias primas para a elaboración dos produtos regulados por esta norma», co fin de fabricar produtos que non conteñan eses praguicidas concretos.

Por este motivo, a Comisión Europea adoptou a Directiva 99/39/CE, do 6 de maio, pola que se modifica a Directiva 96/5/CE, relativa ós alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, que se incorpora ó noso ordenamento xurídico interno mediante esta disposición.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2000,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade.*

O Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, queda modificado nos seguintes termos:

1. No artigo 2. Definicións e clasificación, engadírase o punto 4 seguinte:

«4. “Residuo de praguicida”: o residuo contido nos alimentos elaborados a base de cereais e nos alimentos infantís procedente dun produto fitosanitario, incluídos os seus metabolitos e produtos